
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/74-1</b>
<b>Entidade</b>	SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA RÍA DE AROSA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ) e berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	Punta Portomouro – Punta Pedra Rubia
<b>Subzonas de explotación</b>	Portomouro, Fontenla e Pedra Rúa

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
24 + 2 + 2	16	30
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>SI</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
6	-	-

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>		100									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: a pé</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X		X	X	X	X	X	X	X		X	X
<b>Días máximos de extracción</b>		165									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: dende embarcación</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X		X	X	X	X	X	X	X		X	X

Topes de captura			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa fina	4 kg	-	10 kg
Ameixa babosa	4 kg	-	10 kg
Ameixa xaponesa	10 kg	-	8 kg
Berberecho	10 kg	-	10 kg

<b>Artes a empregar</b>	A pé: sachos e angazo Flote: rastro
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Fontenla Portomouro
<b>Puntos de venda</b>	Portomouro (pendente de traslado ás novas instalacións)



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>			X	X	X				X	X	X	
Zonas: Punta Portomouro – Punta Pedra Rubia												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>					X	X	X	X	X			
Zonas: Punta Portomouro – Punta Pedra Rubia												
Especies: Ameixa xaponesa, ameixa fina, ameixa babosa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>			X	X	X			X	X	X		
Zonas: Punta Portomouro – Punta Pedra Rubia												
Especies: Ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Punta Portomouro – Punta Pedra Rubia												
Especies: Ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Punta Portomouro – Punta Pedra Rubia												
Especies: Ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Punta Portomouro – Punta Pedra Rubia												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Extracción de depredadores												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Participantes:** O número de mariscadores a pé autorizados para traballar neste plan é de 24, 6 da propia cooperativa e 18 asociados á confraría de Cabo de Cruz. ...., xubilouse no ano 2010, polo que non pode exercer a actividade marisqueira. Está pendente a concesión de 2 permex a pé aprobados para o ano 2009 e outros 2 aprobados para o ano 2010, para os que aínda non se solicitou a apertura do procedemento.

O número de embarcacións é de 16, con 30 tripulantes, 14 elas con marisqueo (Z3) no seu permiso e as outras 2 con libre marisqueo (Z3). A embarcación ..... non está asociada á confraría de Cabo de Cruz senón á de Rianxo.

**Ampliación:** Tendo en conta que aínda está pendente o incremento de permisos de explotación a pé aprobado no plan de explotación do ano 2010 (2 pendentes do 2009 e 2 aprobados para o 2010), apróbase unha ampliación de 6 permisos a pé co obxecto de cubrir vacantes.

**Artes:** A gancha a pé non é unha arte autorizada para o marisqueo a pé segundo o Decreto 424/1993, polo que o seu uso requirirá da aprobación dun plan experimental.

**Puntos de control:** Establécense dous puntos de control, para os que non se describen normas de funcionamento nin persoas responsables. Sen embargo, si se define claramente a supervisión previa que se fai na zona de extracción. Para o colectivo de embarcacións, os



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

vixiantes da cooperativa controlan cada 45 minutos as especies recollidas, tallas e zona de extracción, e recollen o marisco extraído para a súa clasificación. Para o colectivo de a pé, realízase o mesmo control cada 30 minutos. As especies extraídas por estes dous colectivos se clasifican conxuntamente a pé de praia baixo a supervisión do presidente ou persoa na que delegue.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Traballos de semicultivo:** A estratexia desta entidade baséase na realización de semicultivo, proponendo unha ampla serie de tarefas neste senso.

A planificación destas accións realízase no consello reitor da sociedade, correspondéndolle a dirección e supervisión dos traballos ao presidente. Estes traballos computarán como días de actividade a efectos de renovación do permiso de explotación a pé. O control de asistencias faise ao inicio da xornada no punto de control de A Fontenla.

Os socios da cooperativa que non estean en posesión do título habilitante para exercer a actividade marisqueira, non poderán realizar as accións de semicultivo dos bancos marisqueiros incluídas neste plan de explotación que, por ser inherentes á actividade marisqueira, só poden ser exercidas por mariscadores con permiso de explotación en vigor.

**Vixilancias:** A vixilancia é realizada polos vixiantes da cooperativa, con apoios puntuais dos asociados na época estival. As vixilancias diúrnas computarán como días de actividade a efectos da renovación do permex.